

IA Xenerativa para investigar, analizar e tomar mellores decisions: Gemini, Gemini Notebook e Deep Research aplicados ao traballo con información e coñecemento

Descrición

Este seminario mostra como utilizar Gemini, NotebookLM e Deep Research para transformar grandes volumes de información en coñecemento útil para a toma de decisións. Os participantes aprenderán a investigar temas complexos, analizar e comparar fontes, traballar con documentación propia, detectar ideas clave, riscos e tendencias, e converter os resultados en informes, briefings e plans de acción. Tamén se abordará a integración da IA xenerativa con Google Workspace e os principios necesarios para garantir un uso responsable, seguro e baseado en fontes fiables.

Perfil do docente

O relator da xornada para impartir por PUE DATA, que ostenta a figura de Partner oficial de Google Cloud, en colaboración co CNTG, sera **Mauro Benedetto Pazienza**, Senior training Google Specialist de PUE DATA, con mais de 20 anos de experiencia en formacion e consultoria IT en areas como administracion, desenvolvemento e big data, Mauro esta actualmente enfocado na imparticion de cursos oficiais en Google Cloud e Cloudera en toda Europa.

Traballou como formador en empresas internacionais como Telecom Italia, Bea System, Oracle University e finalmente para Cloudera University que lle concedeu como instrutor oficial de PUE, o premio Best Instrutor EMEA FY17 e FY18, ademais de ser recoñecido como best instrutor Google Cloud 2019 para EMEA.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/10/2026 - 01/11/2026

Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Presencial
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	02/11/2026
DATA FIN	02/11/2026
HORARIO	Horario de 16:00 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	02/11/2026 - 02/11/2026

Temario

1. Da procura de información á xestión do coñecemento
 - O problema do exceso de información.
 - LLM fronte a motores de procura tradicionais.
 - Grounding e respostas baseadas en fontes.
 - Alucinacións e verificación da información.
 - Tarefas de investigación que poden acelerarse con IA.
2. Investigación avanzada con Gemini e Deep Research
 - Como formular boas preguntas de investigación.
 - Como descompoñer problemas complexos.
 - Investigación multietapa.
 - Comparación de fontes.
 - Identificación de tendencias e contradicións.
 - Xeración de informes.
 - Extracción de conclusións e recomendacións.
3. Gemini Notebook: converter documentos en coñecemento
 - Traballo con PDF/PDF, documentos, páxinas web, vídeos e outras fontes.
 - Preguntas sobre documentación propia.
 - Resumos con referencias.
 - Comparación entre varios documentos.
 - Identificación de ideas clave.
 - Mapas conceptuais.
 - Audio Overviews.
 - Casos de uso en formación, empresa e investigación.
4. Dos documentos á toma de decisións
 - Análises de informes.

- Extracción de KPI.
 - Identificación de riscos.
 - Comparación de propostas.
 - Análise de normativa ou documentación técnica.
 - Preparación de reunións.
 - Creación de briefings executivos.
 - Conversión de resultados en plans de acción.
5. Automatizar o traballo do coñecemento
- Gemini e Google Workspace.
 - Investigación sobre fontes corporativas.
 - Skills reutilizables.
 - Fluxos de traballo.
 - Xeración de documentos e presentacións.
 - Introducción a Workspace Studio.
6. Uso responsable da IA en investigación e análise
- Confidencialidade.
 - Validación de fontes.
 - Rumbos.
 - Información sensible.
 - Human-in-the-loop.
 - Cando é necesaria a revisión humana.